



Indicios lingüísticos para unha datación dos *Miragres de Santiago* no arcebis-pado de Berenguel de Landoira¹

Ramón Mariño Paz²

Recibido: 15 de setembro de 2023 / Aceptado: 20 de decembro de 2023

Resumo. Coñecemos os *Miragres de Santiago* a través dun manuscrito de entre 1390 e 1420 que contén unha copia moi descoidada dunha obra elaborada con anterioridade. Dada a importancia que nela teñen os relatos da vida de Santiago o Menor e do traslado da súa cabeza a Santiago de Compostela, algúns historiadores da arte sinalaron que a súa escritura debeu de ser promovida por Berenguel de Landoira, arcebispo de Santiago de 1317 a 1330 que en 1322 ordenou que se fixese un busto relicario para a cabeza do devandito apóstolo, ou por Juan García de Manrique, arcebispo entre 1383 e 1388, que mandou enriquecer o dito relicario e tomou outras medidas encamiñadas a relanzar o culto deste santo. Neste artigo fago unha análise de nove variábeis lingüísticas en que se reúnen datos que, na miña opinión, avalan a hipótese de que a obra foi promovida durante o arcebispado de Berenguel de Landoira, que probabelmente dispuxo a inclusión dos relatos relacionados con Santiago o Menor no marco do libro que coñecemos como *Miragres de Santiago*, e non a escritura dun *Liber Sancti Iacobi Minoris* autónomo. Só en dúas das variábeis exploradas detectei datos que poderían suxerir para os relatos da Epifanía e da Ascensión unha datación máis tardía que para o resto da obra.

Palabras chave: prosa galega medieval; *Miragres de Santiago*; historia da lingua; mecenado literario.

[es] Indicios lingüísticos para una datación de los *Miragres de Santiago* en el arzobispado de Berenguel de Landoira

Resumen. Conocemos los *Miragres de Santiago* a través de un manuscrito de entre 1390 y 1420 que contiene una copia muy descuidada de una obra elaborada con anterioridad. Dada la importancia que en ella tienen los relatos de la vida de Santiago el Menor y del traslado de su cabeza a Santiago de Compostela, algunos historiadores del arte han señalado que su redacción debió de ser impulsada por Berenguel de Landoira, arzobispo de Santiago de 1317 a 1330 que en 1322 mandó realizar un busto relicario para la cabeza de dicho apóstol, o por Juan García de Manrique, arzobispo entre 1383 y 1388, que hizo enriquecer dicho relicario y tomó otras medidas encaminadas a relanzar el culto a este santo. En este artículo hago un análisis de nueve variables lingüísticas en el que se reúnen datos que, en mi opinión, avalan la hipótesis de que la obra fue impulsada durante el arzobispado de Berenguel de Landoira, quien probablemente ordenó la inclusión de los relatos relacionados con Santiago el Menor en el marco del libro que conocemos como *Miragres de Santiago*, y no la escritura de un *Liber Sancti Iacobi Minoris* autónomo. Solo en dos de las variables exploradas he detectado datos que podrían sugerir para los relatos de la Epifanía y la Ascensión una fecha posterior a la del resto de la obra.

Palabras clave: prosa gallega medieval; *Miragres de Santiago*; historia de la lengua; mecenazgo literario.

[en] Linguistic Clues to Support the Hypothesis that Archbishop Berenguel de Landoira Promoted the Composition of *Miragres de Santiago*

Abstract. *Miragres of Santiago* is a Galician work transmitted by a manuscript that can be dated between 1390 and 1420. It contains a very neglected copy of a work prepared previously. Due to the importance that the stories of the life of Santiago the Minor and the transfer of his head to Santiago de Compostela have in it, some art historians have pointed out that its writing must have been promoted by Berenguel de Landoira, archbishop of Santiago from 1317 to 1330, who in 1322 ordered to make a reliquary for the head of the said apostle, or by Juan García de Manrique,

¹ Este traballo realizouse no marco dos proxectos *Patrimonio textual da Galicia medieval* (Instituto da Lingua Galega, USC) e *Escritorio Galego-Portugués Antigo* (Instituto da Lingua Galega, USC / Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, CSIC-Xunta de Galicia / Universidad de Alcalá / Universidad Nacional de Educación a Distancia).

² Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela.
Correo-e: ramon.marino.paz@usc.gal. ORCID: <https://orcid.org/0000-0001-5637-3357>.

archbishop between 1383 and 1388, who enriched that reliquary and took other measures aimed at relaunching the cult of this saint. In this article I make an analysis of nine linguistic variables in which I gather data that can support the hypothesis that the work was promoted during the archbishopric of Berenguel de Landoira. Probably, he ordered the inclusion of the stories related to Santiago the Minor within the framework of the book that we know as *Mirages de Santiago*, and not the writing of an autonomous *Liber Sancti Iacobi Minoris*. Only in two of the variables I have explored did I detect data that could suggest for the stories of the Epiphany and the Ascension a later date than for the rest of the work.

Keywords: Medieval Galician Prose; *Mirages de Santiago*; History of the Language; Literary Patronage.

Sumario. 1. Obxectivo. 2. Indicios de “conservadorismo lingüístico” visíbeis en anteriores traballos de investigación. 2.1. Complemento directo con e sen preposición a. 2.2. Lexema do tema de perfecto do verbo *creer*. 2.3. Desinencias dos participios verbais dos verbos regulares da segunda conxugación e dalgúns verbos irregulares. 2.4. Mantemento gráfico dos hiatos orixinariamente homorgánicos. 3. “Paz seja vosco, yrmãos” (fol. 63r). 4. “Et entón Rrulan gaanou liçençia do enperador para yr lidar con el, et el doulla moyto de enujdos” (fol. 29v). 5. “Et, desde fezo súa oferta, rrogou aas gardas da igleia que o leyxasen y meer aquela noite” (fol. 16r). 6. “Et mandolle oder hũa mo[a] enna garganta et deitalo enno rrio de Tibre” (fol. 14v). 7. “Et ençima desta táboa están escriptos estes vesos. Estos son os vesos” (fol. 41v). 8. Conclusión. 9. Referencias bibliográficas.

Como citar: Mariño Paz, Ramón (2023): “Indicios lingüísticos para unha datación dos *Mirages de Santiago* no arcebispado de Berenguel de Landoira”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 26, e104163, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.104163>.

1. Obxectivo

Coñecemos os *Mirages de Santiago* a través do manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de España, que pode datarse entre 1390 e 1420 e que, dados os numerosos erros de transcripción, a desorde organizativa e a perda de folios que evidencia, pode considerarse “unha copia desleixada a partir dunha tradución primixenia [principalmente do *Liber Sancti Iacobi*] —hoxe perdida— elaborada no Trescentos” (Pichel *et alii* 2020: 121)³. Certamente, é sensato supoñer que a institución que promoveu a súa elaboración foi a catedral de Santiago de Compostela, que, interesada ao longo de todo o século XIV en promocionar o culto das reliquias de Santiago o Menor que nela están depositadas, debeu de dispoñer a inclusión duns relatos sobre a súa vida e paixón e sobre o traslado da

súa cabeza a Compostela dentro dos *Mirages de Santiago*, ben no tempo do arcebispado de Berenguel de Landoira (1317-1330), que en 1322 ordenou que se fixese un busto relicario para a cabeza do devandito apóstolo, ben no de Juan García de Manrique (1383-1388), que mandou enriquecer ese relicario e tomou outras medidas encamiñadas a relanzar en Santiago o culto deste santo. Desde logo, a notábel importancia que pola súa extensión e cohesión interna alcanza no conxunto da obra o tratamento da figura de Santiago o Menor (ou Santiago Alfeo) é un sólido indicio de que a promoción do seu culto foi un dos propósitos que motivaron a concepción e redacción do que Pensado (1958: lxxxii) chamou *Liber Sancti Iacobi Minoris*, é dicir, o conxunto das partes dos *Mirages de Santiago* referidas a Santiago Alfeo.

A hipótese de que é “muy posible” que Berenguel de Landoira “haya tenido algo que ver” na escritura deste *Liber* dado que en 1322 ordenou facer un busto-relicario de prata para a cabeza de Santiago o Menor lanzouna Serafín Moralejo (1993: 346) e aceptouna anos despois Castiñeiras González (2017: 118-119), que se expresou así: “Muy probablemente entonces [en 1322], don Berenguel mandó realizar el *Liber Sancti Iacobi Minoris* que se integra en los *Mirages de Santiago*: con los textos, en gallego, de la *Vida e Paixón de Santiago Alfeo*, y *Trasladaçón da Cabeça de Santiago Alfeo*”.

Ora ben, tamén é posíbel que a composición deste *Liber* fose promovida décadas despois por Juan García de Manrique, arcebispo de Santiago entre 1383 e 1388, que non só enriqueceu o relicario que mandara facer don Berenguel, senón que ademais ordenou a construción dun altar para Santiago Alfeo e xestionou as procesións das reliquias (cf. Garzón Fernández 2019: 60).

Pois ben, se a versión orixinal dese *Liber Sancti Iacobi Minoris*, ou dos *Mirages de Santiago* en conxunto, datase dos anos en que foi arcebispo García de Manrique, non habería tempo suficiente, nin moito menos, para que o estado de variación da lingua galega mudase significativamente entre esa época e aquela outra, moi pouco posterior, en que se fixo a copia “desleixada” que hoxe custodia a Biblioteca Nacional de España. Polo contrario, se ese orixinal se encargase e elaborase durante o arcebispado de Berenguel de Landoira, cabería

³ Sobre esta cuestión cf. tamén Lorenzo (2004: II, 5-7).

esperar que na copia de finais do XIV ou principios do XV permanecesen variantes lingüísticas que, non sendo anticuadas na década de 1320, si poderían selo, con maior ou menor rotundidade, pouco menos de 100 anos despois.

Como é obvio, a cuestión de se o que desde a edición de Pensado (1958) se deu en chamar *Liber Sancti Iacobi Minoris* ten a mesma cronoloxía ca o resto da obra relaciónase intimamente con toda a desorde construtiva dos *Miragres*. Canto a isto, chama sobre todo a atención a desconexión dos dous relatos finais, o da Epifanía e o da Asunción de María, co resto do libro, que versa fundamentalmente sobre as figuras dos dous Santiagos, o Maior e o Menor. Como ben se sabe, todo isto suscitou desde hai máis de un século reflexións sobre a posibilidade de que na realidade esteamos ante un facticio en que acabarían reuníndose dúas unidades codicolóxicas diferentes: “por unha parte, os tres primeiros cadernos relativos principalmente a Santiago o Menor, e, por outra, o cuarto caderno cos milagres calixtinos e o quinto cos textos sobre a Virxe” (Pichel *et alii* 2020: 123)⁴. Se así fose, as distintas unidades agrupadas poderían ter promotores, autores e datacións diferentes, polo que haberá que ver se nalgunha das variábeis lingüísticas que vou explorar nesta contribución se encontra algún dato que se poida interpretar como indicio consistente da posíbel existencia de distintas datacións (e quizais autorías) para as diversas partes da obra.

Para que esta análise sexa o máis fina posíbel e poida cubrir, por tanto, todas as eventualidades que no decurso da investigación poidan xurdir, fareina tendo en conta non as dúas unidades codicolóxicas anteriormente referidas, senón as nove unidades temáticas da obra, que foron presentadas da seguinte maneira por Pichel *et alii* (2020: 121-122):

- Catro milagres de Santiago de orixe descoñecida (fols. 1-5r)
- Vida e paixón de Santiago Alfeo (fols. 5r-7v)
- Destrución de Xerusalén (fols. 7v-12r)
- Vida e morte de Pilatos (fols. 12v-15r)
- Translación da cabeza de Santiago Alfeo a Compostela (fols. 15r-17r)
- Relato do *Pseudo Turpín* (fols. 17r-39v).
- Guía de peregrinos (fols. 39v-42v)
- Vintena de milagres calixtinos (fols. 42v-56v)

- Relatos da Epifanía e da Ascensión da Virxe (fols. 57r-64v)

Hai indicios lingüísticos que poidan servir de apoio á idea de que o *Liber Sancti Iacobi Minoris*, ou talvez todo o libro dos *Miragres*, se debeu de escribir no tempo do arcebispo de Berenguel de Landoira? Hai indicios do mesmo tipo que poidan suxerir que estas partes dedicadas a Santiago o Menor se deben datar nunha época distinta da atribuíbel ás outras? E, finalmente, revela a análise que vou facer algún dato que poida suxerir que os relatos da Epifanía e a Ascensión teñen unha datación (e talvez autoría) diferente do das outras unidades temáticas da obra?

Tratarei de dar resposta a estas preguntas. En primeiro lugar, extraerei información de catro traballos publicados nas últimas décadas en que se poden achar datos interpretábeis como indicadores dunha datación dos *Miragres* bastante anterior a finais do século XIV. Despois presentarei outras cinco variábeis en relación coas cales detecto feitos que ao meu modo de ver poden e deben ser interpretados da mesma maneira. No tratamento de cada variábel lingüística que analice incluirei algunha observación sobre se as variantes conservadoras e innovadoras tenden a concentrarse nalgunha das nove unidades temáticas antes sinaladas. Acabarei esta contribución cunha breve conclusión.

2. Indicios de “conservadorismo lingüístico” visíbeis en anteriores traballos de investigación

En distintas investigacións dadas a coñecer desde hai uns trinta anos para acó sinaláronse trazos lingüísticos que no seu momento se consideraron “conservadores” nos *Miragres de Santiago*. Era e é unha observación lóxica e esperábel porque nelas se partía da idea comunmente aceptada ata non hai moito de que esta obra se debe datar entre finais do século XIV e principios do XV, sen máis precisión. Agora, sabendo como sabemos que a tradución primixenia que máis tarde se copiou —ou se cadra só algunhas das súas partes— puido facerse no tempo en que Berenguel de Landoira foi arcebispo de Santiago, podemos interpretar tales trazos como indicios lingüísticos que veñen a corroborar esta datación.

Pasemos revista a estes traballos de investigación.

⁴ Cf. tamén López-Aydillo (1918: 213); Gómez Clemente (2001: 27-35); López Martínez-Morás (2007: 467-468).

2.1. Complemento directo con e sen preposición *a*

En 1993 M^a Sol López Martínez deu ao prelo un libro titulado *O complemento directo con preposición a en galego* en que facía un estudo histórico desta estrutura sintáctica na nosa lingua. Segundo ela, o uso de *a* co complemento directo, aínda que raramente, dábase xa nos textos do século XIII e foi avanzando en frecuencia de uso ata os de finais do XV, mais con diferenzas relacionadas, entre outros factores, co feito de se o núcleo da frase que desempeñaba a dita función era un pronome persoal, un pronome non persoal, un nome propio de persoa ou un nome común de persoa: en efecto, nese tempo tardomedieval o progreso desta estrutura en galego foi importante coa primeira das clases de palabras antes mencionadas e menor ou moito menor coas outras. Respecto dos *Miragres de Santiago* a investigadora observaba que, sendo unha obra que seguindo a Pensado (1958: xv) consideraba “de principios do S. XV” (López Martínez 1993: 105, n. 49), presentaba unha frecuencia de emprego de *a* co complemento directo menor ou moito menor ca a que se daba en textos que entón se estimaban escritos con anterioridade:

Os *Miragres de Santiago* seguen cronoloxicamente á HT [= *Historia troiana*], pero amosan un comportamento do CD con preposición semellante ó do *Fragmento do Livro de Tristán*. A frecuencia global nos MS [= *Miragres de Santiago*] é dun 12.6%. Son 26⁵ os exemplos que van precedidos da preposición *a*, fronte a 178 que non a levan. Como vén sendo normal nos textos descritos anteriormente, as porcentaxes máis altas de uso de *a* danse cos pronomes persoais (30%) e as máis baixas (6.9%) cos nomes comúns. (López Martínez 1993: 105)

Cómpre indicar, para entender ben a relevancia destes datos, que, fronte ao 12.6% dos *Miragres*, as porcentaxes globais da frecuencia de uso de *a* co complemento directo que nesta

monografía se revelan son dun 3.9% no *Cancioneiro da Ajuda* (de finais do XIII ou principios do XIV), un 16.7% nas *Cantigas de Santa María* (ca. 1270-1282), un 18% na *Crónica geral galega* (ca. 1300-1340), un 53.4% na *Geral estoria* (ca. 1340-1360), un 33.9% na parte en galego da *Historia troiana* (ca. 1369-1373) e un 40.2% na *Crónica troiana* (terminada en 1373) (cf. López Martínez 1993: 19, 36, 58, 72, 81, 94). Na máis tardía *Crónica de Santa María de Iria* (1467-1468) a frecuencia global de uso de *a* que López Martínez (1993: 111) detectou é máis do dobre da que se observa nos *Miragres*: un 26.2%⁶.

Particularmente reveladores resultan os números cando a función de complemento directo é desempeñada por un pronome persoal ou por unha frase nominal que ten como núcleo un nome propio (case sempre de persoa), pois os respectivos 30% e 24.5% de emprego de *a* dos *Miragres*⁷ correspóndense cun 14.3% e un 0%⁸ no *Cancioneiro da Ajuda*, un 56% e un 29.8% nas *Cantigas de Santa María*, unha porcentaxe superior ao 60% e un 38.7% na *Crónica geral galega*, un 100% e un 85.7% na *Geral estoria*, un 95.6% e un 71.9% na parte en galego da *Historia troiana* e, finalmente, un 92.8% e un 66.2% na *Crónica troiana* (cf. López Martínez 1993: 19, 23, 36-37, 41, 58, 60, 72, 74, 82, 85, 94, 96, 105, 107). Na *Crónica de Santa María de Iria* (1467-1468) estas proporcións son mois superiores ás dos *Miragres*: un 75% e un 68.7%, respectivamente (cf. López Martínez 1993: 111-112).

Polo contrario, os datos da obra que aquí nos ocupa son moi semellantes aos do breve fragmento do *Livro de Tristam* (cf. López Martínez 1993: 80-81), onde a frecuencia global do emprego de *a* co complemento directo é algo inferior ao 12%, con só un 20% ante nomes propios (1 ocorrencia dun total de 5), mentres que con pronomes persoais só se dá un caso, obviamente non representativo, que vai precedido de preposición. É certo, como

⁵ Eu contabilicei 29, cifra que supoñería un 14% de frecuencia. A diferenza non é significativa.

⁶ Tomo as datacións das obras mencionadas de Ramos / Oliveira (1993: 115-118), Mettmann (cf. Alfonso X el Sabio 1986/1988/1989: I, 24) e Pichel *et alii* (2020: 31, 39, 67, 77-83, 101-105).

⁷ Nesta obra son moito máis frecuentes construcións coma as de “quen **vós** rreçeber **mjn** rreçebe” (MS: 96) ou “Et el amaua moyto **Santiago**” (MS: 113) ca as que vemos en “acharás os teus *companeiros* que desanpararon **a ti** et ao e[n]fermo” (MS: 100) ou “Et os outros mouros [...] começaron de fugir et leixaron **a Marsil** enno campo” (MS: 82).

⁸ Nesta obra só se dan dous casos en que é un nome propio o que funciona como complemento directo. Ese nome é **Deus** e nas dúas ocasións vai sen preposición: “Que non vi ren e chamei muito **Deus!**”, “Ca por vos perdi **Deus**” (cf. López Martínez 1993: 23).

López Martínez apunta, que esta semellanza lingüística entre ambos os textos se pode relacionar co feito de que ningún dos dous contén traducións de fontes castelás, senón latinas (os *Miragres*) ou francesas (o *Livro de Tristam*)⁹. Ora ben, esa proximidade pódese deber non só a esta circunstancia, senón tamén a que os dous se escribisen nas primeiras décadas do século XIV, pois hoxe sabemos que o *Tristam* non é de finais do Trescentos, como se supoñía en 1993 (cf. López Martínez 1993: 80, n. 36), senón de entre 1300 e 1340 (cf. Pichel / Varela Barreiro 2017; Pichel *et alii* 2020: 48-50).

Cómpre subliñar que, como pode verse na relación de exemplos ofrecida por López Martínez (1993: 110), 11 dos 29 rexistros de complementos directos construídos con preposición *a* dos *Miragres* (case o 38% deles) se encontran no relato da Epifanía e a Ascensión, mentres que no moito máis extenso *Pseudo Turpín* só se achan 8 (o 27,5%) e os outros 10 están repartidos por outras unidades temáticas, sen ningunha concentración significativa. Dos 15 complementos directos con preposición *a* que teñen como núcleo un nome propio, nada menos que 9 (o 60%) están tamén no relato da Epifanía e a Ascensión, 5 (o 33,3%) no *Pseudo Turpín* e 1 na sección dos catro milagres iniciais.

2.2. Lexema do tema de perfecto do verbo *creer*

Debido á síncope do /d/ intervocálico e á consonantización da semiconsoante velar en aproximante bilabial sonora, dunha forma *CRĒDUĪ, substituída no latín vulgar da clásica CRĒDIDĪ, chegouse no romance galaico a *crevi* —ou, con metafonía causada por /-i/ na P1 do pretérito de indicativo, *crivi*— e, consecuentemente, a *crevistí* ou *creviste*, *creve* ou *crevo*, *crevemos*, *crevestes*, *creveron* e, nos outros tempos creados sobre o tema de perfecto, *crevera*, *crevesse* e *crever*. Por tanto, o lexema de todas estas formas era en principio *crev-* ou *criv-*. Ora ben, unha mudanza conducente á regularización do paradigma deste verbo creou para este lexema unha variante *cre-* (*creí*, *creera*, *creese*, *creer*) que, presente, se non antes, si polo menos nun documento de data tan

temperá como 1258, orixinou un escenario de variación ben visíbel desde entón na documentación medieval galega que coñecemos (cf. Mariño Paz 2005a: 191-196).

Na lírica mariana e profana é aínda ben ostensíbel a preferencia pola variante máis antiga. En efecto, se as *Cantigas de Santa María* (ca. 1270-1282) conteñen 54 ocorrencias de *crev-* por só 9 de *cre(e)-* (85.7% e 14.3%, respectivamente), na lírica profana galego-portuguesa de entre finais do XII e mediados do XIV as porcións son dun 87.5% para o primeiro lexema (14 casos) e 12.5% para o segundo (2 casos). Polo contrario, na prosa histórica e literaria do Trescentos as tendencias invértese: na *Crónica geral galega* (ca. 1300-1340) hai 13 rexistros de *cre-* e 3 de *crev-* (81.25% e 18.75%); na *Geral estoria* (ca. 1340-1360), 20 de *cre-* e 2 de *crev-* (90.9% e 9.1%); na parte en galego da *Historia troiana* (ca. 1369-1373), 3 de *cre-* e 1 de *crev-* (75% e 25%); e na *Crónica troiana* (1373), 4 de *cre-* e 1 de *crev-* (80% e 20%). Xa no Catrocentos, a *Crónica de Santa María de Iria* (1467-1468) só contén un pretérito de subxuntivo *creesse*.

Certamente, neste escenario tendente ao triunfo da variante innovadora singularízanse os *Miragres de Santiago*, posto que conteñen 8 formas verbais coa raíz *crev-* ou *criv-* (*crivi*, *crevo*, *crevemos*, *creverõ*, *creverom*, *creveres*, *crever* -2 veces-) e só 4 con *cre-* ou *cri-* (*crijste*, *creeres*, *creer*, *creerẽ*), que representan, respectivamente, un 66.7% e un 33.3%. Pois ben, se en 2005 afirmei que estes datos dos *Miragres* “invitan a considerar a hipótese de que cara ao final do século XIV ou mesmo nos inicios do XV *criv-* e *crev-* gozasen aínda de certa vitalidade en galego, cando menos nalgunhas variedades dialectais ou en determinados estilos de lingua oral ou de lingua escrita” (Mariño Paz 2005a: 201), agora engado, sen rexeitar de plano a anterior hipótese¹⁰, que a predominancia das variantes *criv-* e *crev-* no manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de España tamén se pode deber a que este texto quizais sexa unha copia dunha obra orixinalmente escrita na década de 1320.

⁹ A estrutura sintáctica en que nestas páxinas estamos a reparar, case descoñecida en francés, progresou bastante no castelán medieval, circunstancia que con certeza debemos relacionar, xunto a outras, cos máis altos niveis de emprego da preposición *a* que vemos en obras como a *Crónica geral galega*, a *Historia troiana* e a *Crónica troiana*.

¹⁰ De feito, o copista de finais do século XIV ou de principios do XV non alterou eses lexemas, probablemente porque os coñecía aínda que talvez lle parecen algo anticuados.

As catro ocorrencias da variante innovadora aparecen na sección dos relatos da Epifanía e a Ascensión da Virxe, onde, iso si, tamén se recollen outras catro da variante *crev-*. Os outros catro rexistros de *crev-* e *criv-* proceden de catro unidades temáticas diferentes.

2.3. Desinencias dos participios verbais dos verbos regulares da segunda conxugación e dalgúns verbos irregulares

Os textos galegos medievais (e tamén os portugueses) revelan que do século XIII ao XVI estivo en marcha unha mudanza que xa se desencadeara nunha época máis recuada e que, por motivos que non é do caso discutir agora, tendía a substituír por *-id(o/a)* a antiga desinencia *-ud(o/a)* dos participios dos verbos regulares da segunda conxugación e dalgúns irregulares da segunda e da terceira: así, *perdudo* ía dando paso a *perdido*, *sabuda* a *sabida*, *vñudo* a *vñido*, etc. (cf. Mariño Paz 2005b). Entre as nosas obras medievais de prosa non documental móstranse moi abertas a esta innovación dúas do tramo central do século XIV (a *Geral estoria* e a *Historia troiana*) e unha da segunda metade do XV (a *Crónica de Santa María de Iria*), mentres que polo contrario se revelan como moi reacias a acollela a *Crónica geral galega* (ca. 1300-1340), a *Crónica troiana* (1373) e mais os *Miragres de Santiago*, cun 87.75%, un 78.50% e un 82.0% de participios terminados en *-ud(o/a)*, respectivamente. Se estes datos, sen a compañía doutros, non se poden usar motivadamente para apoiar a hipótese de que os *Miragres* se escribiron orixinariamente durante o arcebispado de Berenguel de Landeira, o certo é que si suxiren reflexións máis fundadas cando se consideran á luz que emiten os números relativos á prosa notarial coetánea.

En efecto, unha exploración realizada nun libro notarial de 1457 e en dúas coleccións documentais que conteñen textos de entre os séculos XIII e XVI suxire que neste tipo de fontes foi no XV cando se produciu o gran salto adiante da variante innovadora *-id(o/a)*, un salto que xa a aproxima moito aos niveis de uso de *-ud(o/a)* na primeira metade da centuria e que a pon moi por diante deles de 1450 en diante (cf. Mariño Paz 2005b: 802-804). Así, se na colección estudada na *História do galego-português* (Maia 1986) as porcentaxes de emprego de *-id(o/a)* son do 36.75% entre 1401 e 1450 e do 88.25% entre 1451 e 1500, as que detectei para a mesma variante nos mesmos dous períodos nas *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela* (Justo Martín / Lucas

Álvarez 1991) foron do 37.50% e do 72.75%, respectivamente. Este gran paso adiante dado pola alternativa innovadora na segunda metade do século tamén se percibe no *Libro de notas de Álvaro Pérez* de 1457 (Tato Plaza 1999), onde se usa no 70% das ocasións. Así mesmo, nótase ben na *Crónica de Santa María de Iria* (Souto Cabo 2001) de entre 1467 e 1468, unha obra de prosa non documental en que *-id(o/a)* alcanza nada menos que unha proporción de uso do 94.25%.

Considerados en conxunto todos estes datos, creo que, aínda que non permiten manifestarse de maneira categórica, si poden avala a prudente afirmación de que as porcentaxes observábeis nos *Miragres* se concilian mellor coa hipótese de que a obra se escribise inicialmente na década de 1320 que con aquela outra que situaría a súa elaboración varias décadas máis tarde, talvez incluso pouco menos de cen anos despois. É certo que nun escenario de mudanza en que se estea a producir a difusión dunha variante nova a custa doutra ou doutras de maior antigüidade haberá textos en que se perciba maior disposición ca noutros a acoller a innovación, posto que algúns autores, escribas ou notarios, por razóns relacionadas coas súas biografías, estarían máis abertos a ela ca outros. Certamente, é posíbel que fose simplemente isto o que motivase que a *Geral estoria* e a *Historia troiana* conteñan altos índices de emprego de *-id(o/a)* e os *Miragres de Santiago* e outras obras, non. Ora ben, se, como permiten conxectar os textos notariais, a difusión da variante *-id(o/a)* cobrou viveza en Galicia na primeira metade do Catrocentos, os datos que os *Miragres* revelan para esta variábel cadran mellor cunha datación que sitúe a súa primixenia escritura non entre 1390 e 1420, senón na parte central da primeira metade do Trescentos.

Non descubrín concentracións significativas dos poucos participios innovadores dos *Miragres* en ningunha das nove unidades temáticas da obra.

2.4. Mantemento gráfico dos hiatos orixinariamente homorgánicos

Cos hiatos constituídos orixinariamente por vogais homorgánicas a progresión xeral cara ao triunfo da coalescencia gráfica nas fontes escritas dos séculos XIII, XIV, XV e XVI existiu, verdadeiramente, mais produciuse de forma bastante parsimoniosa porque as tendencias escriturarias conservadoras lle opuxeron unha resistencia consistente ata o final do período (cf. Mariño Paz 2006: 79-87). Así, por exemplo,

o resultado máis rexistrado para PĚDEM nos nosos textos medievais foi *pee*, que se usa mesmo en instrumentos notariais de 1506 ou 1516, mentres que *pe*, aínda que xa se puxo por escrito no XIII, só coñeceu unha moderada difusión nos séculos seguintes. A partir de DÖLÖREM, a variante máis frecuentemente utilizada ata comezos do XVI foi *door*, ao paso que de *dor* só puideron recadar para o citado artigo de 2006 tres rexistros no *Tratado de Alveitaría* de entre 1400 e 1425¹¹. En fin, as palabras que mostran tratamentos análogos a estes nas mesmas fontes son numerosas.

O avance da coalescencia gráfica foi especialmente vagaroso cando era tónica a segunda vogal do hiato (*creer, door, veer...*), un contexto fonético para o que os datos extremadamente conservadores dos *Miragres de Santiago* son moi parecidos aos das outras obras en verso e prosa do Douscentos e mais do Trescentos. Moito menos conservadores, mais en liña cos que detectei en textos do XIII e o XIV, son os que se observan nas palabras dos *Miragres* en que as dúas vogais eran postónicas: *perigoo, poboo...*

Polo contrario, nas voces en que a vogal tónica era a primeira do hiato (*algũu, manãa, merçee...*) ou en que as dúas vogais eran pretónicas (*braadar, voontade...*) o manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de España mostra en xeral un tratamento moito menos aberto á innovación ca o que se ve tanto nos textos poéticos profanos e marianos coma na *Geral estoria*, na *Historia troiana* e na *Crónica troiana* (cf. Mariño Paz 2006: 80, 83). En efecto, o 5.5% e o 10% de coalescencia gráfica dos *Miragres* en cada unha das dúas posicións antes mencionadas correspóndense cun 59.5% e un 43% nas *Cantigas de Santa María*, un 66.75% e outro 66.75% na lírica profana, un 61.5% e un 23% na *Geral estoria*, un 58.25% e un 44% na *Historia troiana* e un 60.5% e un 44% na *Crónica troiana*. En cambio, a *Crónica geral galega* presenta unha porcentaxe semellante á dos *Miragres de Santiago* cando a primeira vogal do hiato era tónica (2.75%) e notabelmente diferente, por máis aberta á innovación, no outro caso (35.25%).

É certo que cos hiatos orixinariamente heterorgánicos (SĀGĪTTAM > *saeta* > *seeta* > *seta*) o manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de España non se singulariza como conservador fronte ás outras obras coas que o estamos a comparar, e mesmo en casos coma o do hiato <eí> (SĒDĒBAT > *seia* > *siia* > *sia*) revélase como innovador (cf. Mariño Paz 2006: 93). Desde logo, a mudanza lingüística e a súa manifestación escrita en obras dun pasado máis ou menos remoto é unha cuestión complexa que non admite presentacións simplistas, senón sempre análises matizadas e ben provistas de luces e sombras. Pois ben, con estas cautelas, coido que os datos sobre o tratamento dos hiatos orixinariamente homorgánicos que acabo de presentar, postos ao lado dos relativos a outras variábeis lingüísticas tamén atendidas nestas páxinas, poden interpretarse como indicios de que o manuscrito aquí examinado talvez sexa unha copia dunha obra elaborada durante o tempo en que o arcebispo de Santiago foi Berenguel de Landoira.

Non atopei datos que me permitan singularizar algunha das nove unidades temáticas dos *Miragres* como particularmente innovadora ou conservadora en relación con esta variábel lingüística.

3. “Paz seja vosco, yrmãos” (fol. 63r)

O porqué e a dirección da mudanza de que trata neste apartado son sobradamente coñecidos no campo científico das lingüísticas históricas galega, portuguesa e castelá, pois veñen explicándose desde hai moitos anos na abundante bibliografía dispoñíbel (cf., entre outros, Nunes 1989: 240-242; Williams 1975: 150; Ferreiro 1995: 242, 244; Lloyd 1993: 444; Penny 2006: 161). Na lingua latina a preposición CŪM ligábase en énclise ao ablativo dos pronomes persoais e reflexivos, o que daba lugar ás formas MĒCŪM, TĒCŪM, SĒCŪM, NŌBĪSCŪM (no latín vulgar, NOSCUM) e VŌBĪSCŪM (latín vulgar, VOSCUM), das que proceden, no galego e no portugués medievais, *meço* e *migo* (esta, con influencia de *mi*), *teço* e *tigo* (con influencia de *tí*), *seço* e *sigo* (con influencia de *sí*), *nosco* e *vosco*. Como as mudanzas fonéticas acabaron tornando imposíbel

¹¹ Tomo esta datación de Pichel *et alii* (2020: 215).

para inmensa maioría dos falantes o recoñecemento da antiga preposición nas sílabas *-go* e *-co* de tales formas, creáronse para lles conferir transparencia semántica innovacións con incremento de *con-* en posición proclítica, consonte a orde ‘preposición + pronome’ propia do romance: *co(n)migo*, *contigo*, *consigo*, *co(n)nosco*, *convosco*.

Ora ben, se sobre as súas motivacións e dirección estamos ben informados, sobre a cronoloxía e os ritmos deste cambio nos distintos espazos en que se deu aínda hoxe sabemos moito menos. Cómprenos, por tanto, unha exploración que nos poida orientar minimamente sobre a frecuencia de uso que as variantes conservadoras desta variábel aínda podían ter en galego entre o final do Trescentos e o principio do Catrocentos, é dicir, na época en que se elaborou a copia pola que hoxe coñecemos os *Miragres de Santiago*.

O Corpus informatizado Galego-Portugués Antigo (CGPA) revela que a lírica profana é, con moita diferenza, o xénero en que se rexistra a gran maioría dos casos de uso das variantes sen incremento de *con* nas nosas fontes medievais. Na indagación que fixen neste corpus poético detectei, fronte a 228 usos de *migo* e 1 de *mego*, só 136 de *comigo* ou *commigo*, 13 de *conmigo* e 6 de *comego* ou *cõmeigo*; fronte a 4 de *tigo*, 1 de *contigo*; fronte a 31 de *sigo*, 9 de *consigo* ou *conssigo*; fronte a 3 de *nosco*, 1 de *connosco*, e fronte a 65 de *vosco* e 2 de *vusco*, 25 de *convosco*, 4 de *comvosco* e 7 de *convusco*. Son en total 202 ocorrencias de formas con adición de *con* inicial (o 37.7% delas) e 334 de formas sen ela (o 62.3%). Pois ben, só 8 destas 334 ocorrencias (2 de *migo* e 6 de *vosco*) se encontran en cantigas de trovadores que, polo que hoxe sabemos, estiveron activos nas primeiras décadas do século XIV, é dicir, no tramo final do desenvolvemento da tradición lírica galego-portuguesa: Estevan Coelho, Estevan da Guarda, Estevan Fernandiz d’Elvas e Pero Larouco.

Consonte o CGPA, tamén son maioritarias as variantes sen incremento preposicional nas *Cantigas de Santa María* (ca. 1270-1282), pois suman 38 rexistros as que si o teñen e 62 as que non, o que quere dicir que as porcentaxes na lírica mariana son sorprendentemente parecidas ás da lírica profana: 38% de variantes innovadoras e 62% de variantes aínda sen *con-* ou

co- inicial. Moi distinto é, polo contrario, o testemuño do tardío Cancioneiro galego-castelán, para o que o CGPA unicamente devolve un caso de *migo*, presente nunha peza de Macías o Namorado que debe de ser de entre o segundo e o terceiro cuartel do XIV, e tres de *comigo*, dos que só un comparece nun poema claramente escrito en galego, obra do castelán Alfonso Álvarez de Villasandino (nado a mediados do XIV e falecido arredor de 1424). No *Cancioneiro de Afonso Pérez* (ca. 1380-1400) só atopo unha ocorrencia de *contigo* (cf. Monteagudo 2013: 88).

Na prosa o uso de *migo*, *tigo*, *sigo*, *nosco* e *vosco* é moito máis infrecuente ca no verso. Na primeira persoa do singular o CGPA non mostra nada máis ca nove casos de *migo* na *Demanda do Santo Graal* portuguesa orixinalmente escrita no XIII¹² (na que o máis común xa é con diferenza o uso de *comigo* en calquera das súas posíbeis variantes gráficas), un nun documento notarial de 1332 (“dou a vos fiador e devedor migo”) e outro nun de 1393 (“douuos para ello por fiador e devedor e principal pagador migo”). Trátase con certeza dunha fórmula notarial repetida rutinariamente para a que tamén encontro no CGPA algúns rexistros coa P3 no século XIV: “fiador et devedor et principal pagador sigo” (1326), “fiadores e devedores e principais pagadores sigo” (1393), “fiador e devedor e principal pagador sigo” (1393). Á parte destas, para *sigo* só localicei no CGPA catro ocorrencias na *Demanda do Santo Graal*, dúas nunha tradución portuguesa do *Foro Real* de 1280, unha nunha versión portuguesa da *Primeira Partida* datada en 1350 mais que con certeza revela dependencia do orixinal castelán do XIII e unha tamén nos *Miragres de Santiago*. De *tigo* ou *tego* non atopei rexistros na prosa reunida no CGPA, senón exclusivamente casos de *contigo* ou *contego*.

Neste mesmo corpus informatizado *nosco* só aparece en dúas ocasións na *Demanda do Santo Graal*, nunha na *Crónica geral galega* (ca. 1300-1340), noutra nun documento de 1272 (“tamana herdade como esta que uos nosco enprazades”) e ata en cinco na *Crónica troiana* (1373), obra en que con todo se emprega moito máis *cõnosco*, que ocorre nela 19 veces. Tamén é xa moito máis frecuente a variante con incremento preposicional na *Demanda do Santo Graal* e na *Crónica geral galega*.

¹² Segundo Castro (1993: 204), o manuscrito que nos transmitiu esta obra é do século XV mais “revela [...] uma camada linguística do século XIII, ou seja, da tradução original”. Sobre esta cuestión véxase tamén Martins (2013).

No contexto dun uso con enorme predominio de *convosco*, *vosco* (e moi raramente *vusco*) só se len cinco veces na *Demanda do Santo Graal*, tres na *Crónica geral galega*, unha na *Crónica troiana* e, curiosamente, tres nos *Miragres de Santiago*. Na prosa notarial os escasísimos 13 casos de *vosco* que achega o CGPA baten cos 483 de *convosco* ou *convusco*. Deses 13 de *vosco*, o máis tardío encóntrase nun documento de Santa María de Oseira datado en 1361 que verdadeiramente non revela especial vitalidade da forma nas distintas variedades da lingua do momento, pois está inserto nunha fórmula (“Et proveeredes a o mordomo de comer et de beber mentre vosco coller os froytos do dito lugar”) que se le tamén en instrumentos do mesmo mosteiro de 1334, 1335 e 1347 e que coñece unha variante moi maioritaria dotada de preposición *con* (“mentre con vosco coller”) que se le desde moito antes de 1361 e que de entón en diante aparece en exclusiva en unidades documentais tamén de Oseira dos anos 1364, 1372, 1373, 1374, 1376, 1378, 1379, 1380, 1381, 1382, 1384, 1388, 1390, 1391 e 1395.

Realmente, na prosa notarial as formas sen incremento preposicional son moi infrecuentes. Ben elocuente é canto a isto o testemuño dunha das coleccións documentais integradas no CGPA, concretamente a dos 168 textos galegos e do noroeste portugués de entre 1255 e 1516 que editou e estudou Maia (1986), nos que non se detecta ningunha forma sen incremento de *con* proclítico, é dicir, de *migo*, *tigo*, *sigo*... En efecto, neste corpus notarial só se utilizan, desde un instrumento de 1255 ata outro de 1473, as variantes *conmigo* ou *comigo*, *consigo*, *conosco* e *convosco*, coas que a partir de 1442 entran en competencia as aínda moi minoritarias e tardías *con vos* ou *con bos* (cf. Maia 1986: 668).

Na colección de documentos anteriores a 1271 editados por Souto Cabo (2008), non inserida no CGPA, só localicei tres rexistros de *migo* (dous nunha escritura de Ferreira de Pallares de 1261 e outra nunha da chancelería lisboeta do rei Afonso III de Portugal de 1270), unha de *nosco* nun instrumento setubalense de 1257 e, finalmente, unha de *uoscu* e outra de *uosco* en documentos de Ferreira de Pallares e Oseira de arredor de 1243 e 1269 (cf. Souto

Cabo 2008: 144, 348, 283, 58 e 232, respectivamente). Véxase, por tanto, como en fontes tan antigas coma estas a maioría ampla é xa para as variantes con adición de *con*, que, fronte ás 6 que non a teñen (o 31.6%), suman un total de 13 casos (o 68.4%).

No vasto conxunto documental do mosteiro de Montederramo, que tampouco está inserto no CGPA, só encontrei, no contexto dun emprego xeneralizado, xa desde o século XIII, de *comigo*, *consigo*, *connosco*, *convosco* e as súas variantes¹³, dous casos de *uosco* anteriores a 1300:

- (1) “Et outrosí nos quitamos a uós daquelas casas de Monte Rey que nós canbiaramos uosco pola uosa casa de çima” (ano 1284; cf. Lorenzo 2016: 608).
- (2) “Eu, Garçia Ffernandes, clérigo, dou a uós, Aldonça Garçia, mía criada, et a uossos fillos et netos et a uosso marido Bertolameu Estéueez, mentre sseuer uosco, a erdade que eu guaañey de Monte de Rramo” (ano 1293; cf. Lorenzo 2016: 713).

Desta sumaria exploración que acabo de presentar coido que en conxunto se poden tirar dúas conclusións:

1. O emprego das formas sen incremento preposicional é moito máis frecuente no verso ca na prosa, en boa medida porque a maior parte do verso medieval aquí revisado é do XIII, claro está, mais talvez tamén porque na escola lírica galego-portuguesa e nas *Cantigas de Santa María* o uso de *migo*, *tigo*, *sigo*, *nosco* e *vosco* debeu de consolidarse como un estilema, é dicir, como un trazo de estilo conscientemente buscado por moitos trobadores.
2. Na prosa as variantes antigas xa son claramente minoritarias no século XIII e o seu uso decae notoriamente no XIV, a miúdo refuxiado en fórmulas notariais que en absoluto se poden considerar indicios dunha persistencia firme delas nas distintas variedades orais da lingua. O CGPA mostra que en calquera das obras galegas ou portuguesas dos distintos xéneros de prosa que se poden datar entre 1350 e 1450 son moitísimo

¹³ Non atopei ningún caso da segunda persoa de singular.

máis frecuentes *comigo*, *contigo*, *consigo*, *connosco*, *convosco* ou calquera das súas posibles variantes gráficas ou fonéticas ca as formas sen adición de *con*.

Pois ben, como cabe esperar, dados estes feitos, dunha obra en prosa do século XIV, nos *Miragres de Santiago* dáse un neto predominio das formas con incremento preposicional: 5 casos de *commigo* ou *comigo* e ningún de *migo*, 9 de *contigo* e ningún de *tigo*, 19 de *consigo* e 1 de *sigo*, 3 de *connosco* ou *conosco* e ningún de *nosco*, 2 de *convosco* e 3 de *vosco*. En total son 38 formas con el (90.5%) e 4 sen el (9.5%), cada unha destas catro nunha sección distinta da obra e, por tanto, sen ningunha concentración, o que desbarata a posibilidade de vincular o uso das variantes sen *con*- cunha presunta datación temperá dalgunha das nove unidades temáticas recoñecíbeis nun texto que, como se veu apuntando desde o tempo de López Aydillo (1918: 213) para acó, pode ser na realidade un facticio en que se reuniron distintas partes que puideron ter distintos autores que quizais traballaron en diferentes épocas. Véxanse eses catro rexistros sen adición de *con*-:

- (1) “Dario et Antonjo [...] leuaron sigo as molles ennas lides que avjan” (fol. 36v; no *Pseudo Turpín*).
- (2) “Yrá aa pousada et non poderá [per] njnhũa gisa entrar vosco enna casa” (fol. 17r; no relato da translación da cabeza de Santiago Alfeo a Compostela).
- (3) “Meus fillos, non ajades medo, ca aquí soo eu vosco, quen vós chamastes (fol. 48v; na sección de milagres calixtinos).
- (4) “Paz seja vosco, yrmãos” (fol. 63r; no relato da Asunción da Virxe).

Ora ben, sendo moi minoritarias neste texto as variantes sen adición de *con*- (representan o 9.5% do total), o certo é que na *Crónica troiana* (1373), unha obra galega moi próxima no tempo á copia dos *Miragres* que hoxe conservamos, tales formas só alcanzan unha

porcentaxe de uso dun residual 2.8%¹⁴, significativamente menor e curiosamente próxima da que detectei na *Crónica geral galega* de entre 1300 e 1340, con 166 rexistros con preposición (o 97.6%) e 4 sen ela (o 2.4%). Certamente, as proporcións dos *Miragres de Santiago* aproxímanse moito ás da *Demanda do Santo Graal* portuguesa do século XIII¹⁵, na que contabilicei 161 formas con preposición (o 89.5%) e 19 sen ela (o 10.5%).

Nin na *Geral estoria* (ca. 1340-1360) nin na parte en galego da *Historia troiana* (ca. 1369-1373) encontrei rexistros das variantes antigas.

En conxunto creo que, aínda que é evidente que ante unha mudanza en marcha cada persoa mantén unha conduta máis ou menos proclive a secundala, os datos aquí reunidos permiten afirmar que os niveis de uso de *sigo* e *vosco* nos *Miragres de Santiago* cadran mellor co escenario que para esta mudanza cabe supoñer para o tempo do arcebispado de Berenguel de Landoira (1317-1330) que para o que podemos presumir para entre finais do século XIV e principios do XV. Obviamente, este simple indicio ten de por si pouco valor probatorio, mais, sumado aos outros que reúno neste artigo e tamén aos que nos poidan achegar os especialistas noutros ramos do saber, contribúe a consolidar unha hipótese de datación moi digna de consideración.

4. “Et entón Rrulán gaanou liçença do enperador para yr lidar con el, et el doulla moyto de enujdos” (fol. 29v)

A locución adverbial *de envidos*, *a envidos* ou *de anvidos* significaba ‘de mala gana’ e, segundo Corominas e Pascual (cf. DCECH: s.v. *amidos*), formouse sobre o adxectivo latino *INVĪTUS*, que tiña o sentido de ‘que non quere, que obra á forza’ e aparece non poucas veces na documentación latina do noroeste ibérico ata o século XIV (cf. CODOLGA). Pois ben, se nin o seu resultado castelán *amidos* nin o asturleonés *anbidos* parecen utilizarse despois de finais do século XIII ou principios do XIV (cf. DCECH, CDH e García Arias 2018-2021:

¹⁴ Son 6 ocorrencias (5 de *nosco* e 1 de *uosco*) enfrontadas a 208 con adición de preposición (o 97.2% delas).

¹⁵ Tamén se aproximan moito ás da versión trecentista portuguesa dos *Diálogos de São Gregório*, na que ocorren 71 formas con adición de *con* (o 89.9%) e só 8 sen ela (2 de *migo*, 1 de *tigo* e 5 de *nosco*, o 10.1% do total) (cf. Mattos e Silva 1989: 231). Ora ben, deste texto parece que podemos dicir que é do XIV e anterior ao último cuarto do século, mais, segundo Mattos e Silva (1989: 60), esta “proposta de datação [...] não pode [...] jactar-se de segurança absoluta”. Por tanto, como non estou certo de a que altura do século XIV se puido escribir este texto, non podo utilizalo no razoamento comparativo que fago neste parágrafo.

s.v.), os datos que conseguín reunir nos textos galegos e portugueses apuntan a unha cronoloxía da locución *a envidos* ou *de envidos* e as súas variantes non moi diferente desta.

En efecto, o CGPA mostra rexistros de *a envidos*, *d'a envidos*, *d'anvidos* ou *anvidos* nas *Cantigas de Santa María*, na lírica profana galego-portuguesa, na *Demanda do Santo Graal*, na *Crónica geral galega* e nunha versión portuguesa da *Primeira Partida* de 1350 que neste pormenor acusa o peso da fonte castelá do século XIII que traduce, na que o que se le é *a amidos* (cf. CDH). Dos tres trobadores que empregaron a locución (Pero Garcia Burgales, Pero d'Armea e Estevan da Guarda) o máis tardío é o terceiro, activo nas primeiras décadas do XIV. O único rexistro dela posterior a 1350 que o CGPA devolve é precisamente o dos *Miragres de Santiago*.

A partir desta breve exposición de datos parece sensato concluír que o testemuño de *de enuidos* que dá título a este apartado, que se localiza no interior do relato do *Pseudo Turpín*, cadra moito mellor cunha datación dos *Miragres* no tempo do arcebispado de Berenguel de Landoira que se os supoñemos primitivamente escritos entre finais do Trescentos e principios do Catrocentos.

5. “Et, desque fezo súa oferta, rrogou aas gardas da igleia que o leyxasen y meer aquela noite” (fol. 16r)

A partir do verbo latino MĀNĒRE, no castelán e no asturiano antigos coñeceuse o esperábel *maner* ‘permanecer’, para o que existen poucos rexistros seguros despois de 1300 (cf. CDH; García Arias 2018-2021: s.v.¹⁶). Na nosa poesía medieval profana e mariana utilizáronse as formas *māer*, *maer*, *manno*, *man*, *marrei*, *marrá*, *marredes*, *maj(e)*, *masestes*, *maseron* e *masesse* co sentido de ‘permanecer’ ou ‘pasar a noite’ (cf. UC, CGPA). Ora ben, ningunha delas comparece nunha cantiga que sexa obra dun trobador activo no século XIV, durante o cal o seu uso debeu de ir entrando en decadencia.

Na colección documental do mosteiro de Montederramo detectei unha ocorrencia de *re-masso*, con prefixo *rre-*, nun documento datado o 25 de marzo de 1291 en que se le o seguinte: “vnde nós ssomos ben pagados, que nemigalla non remasso por dar” (Lorenzo 2016: 674). Á parte deste, nesta colección só atopei outro rexistro que se debe consignar aquí: o de *meer* nun instrumento do 7 de xuño de 1321 en que se escribiu “et cada que nós ou nossos ómões ou nossas bésteas y quisermos pousar ou meer, que nos recibades benjnamente” (Lorenzo 2016: 1067).

Certamente, chama a atención que só 4 dos 9 rexistros trecentistas de *māer* ou *mēer* que detectei facendo exploracións mediante o CGPA procedan de fontes distintas dos *Miragres de Santiago*. Falo dunha ocorrencia de *mēer* na *Crónica geral galega* (ca. 1300-1340), doutra de *maen* na *Crónica troiana* terminada en 1373 e de cadanseu caso de *masseren* en dous documentos de San Pedro de Ramirás de 1347. Pois ben, fronte a esta escaseza noutros textos, nos *Miragres de Santiago* os seus rexistros chegan a cinco, xa que, ademais do que se pode ler na pasaxe que dá título a este apartado, que se encontra no relato do traslado da cabeza de Santiago Alfeo a Compostela, usáronse tamén no texto compostelán un infinitivo flexionado e tres formas do pretérito de indicativo deste verbo irregular:

- (1) “Et porque non poderon fazer súa oraçon [...] rrogaron ao que tina a chaue que lles abrise a porta **para meeren** y et **fazeren** súa oraçon” (fol. 54v; na vintena de milagres calixtinos).
- (2) “Et chegou y outro ome, que avja nome Pedro, que avja **gran tempo** que era çego. Et **maso** y et fez oraçon con grandes lágrimas” (fol. 4r; entre os catro milagres iniciais).
- (3) “Et logo aquela noyte **maso** con el em hũa rrúa” (fol. 44v; na vintena de milagres calixtinos).

¹⁶ Coa acepción que aquí nos interesa inequivocamente expresada non atopo no dicionario de García Arias ningún rexistro de *maner* posterior a 1316. Si hai nel dous casos en que se le “ropa de *maner*” en que quizais se poida presumir algún cambio semántico respecto da inicial acepción de ‘permanecer’ e que me parecen sospeitosos precisamente por proceder de documentos de datas moi tardías: un do ano 1397 e outro de 1461. Cabe a posibilidade de que en *ropa de maner* haxa un caso de lexicalización mantida ata moito despois de que *maner* deixase de usarse en asturiano co sentido de ‘permanecer’.

- (4) “Et os mouros fastáronse ja quanto a afora, et os *cristaos* ficaron alj súas azes et *mase-ron* alj” (fol. 32r; no *Pseudo Turpín*).

Á vista disto, debo recoñecer que os testemuños de San Pedro de Ramirás e da *Crónica troiana* antes mencionados non me permiten manifestarme con tanto convencemento nin con tantos argumentos coma noutros casos, mais así e todo coido que o emprego relativamente frecuente de *meer* nos *Miragres* parece revelar para este verbo unha vitalidade máis esperábel nunha fonte próxima ao século XIII ca nunha elaborada ás portas do XV ou mesmo xa no século XV.

Non hai concentracións significativas de ocorrencias deste verbo en ningunha unidade temática da obra, pois temos un caso entre os catro milagres iniciais, outro no relato do traslado da cabeza de Santiago Alfeo, outro no *Pseudo Turpín* e dous na vintena de milagres calixtinos.

6. “Et mandolle oder hũa mo[a] enna garganta et deitalo enno rrío de Tibre” (fol. 14v)

Oder é un verbo escasamente empregado nas nosas fontes medievais e hoxe pouco coñecido mesmo entre filólogos. Sobre el escribiu unha necesaria e valiosa nota José Luis Pensado (1958: 56) na súa edición dos *Miragres de Santiago*:

Oder ‘atar, guardar’. Falta la palabra en el glos. de la ed. de L[ÓPEZ] A[YDILLO], lo que nos hace sospechar que la desconocía. Tampoco el P. ATANASIO LÓPEZ (*Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia*, I, pág. 234), al comentar el pasaje, parece conocer el valor exacto de este verbo. Ocurre también en las *Cantigas*, I, pág. 160 b.: ‘tirou-a end’ et odeu / a ostia en a touca’ con el sentido de ‘guardar’ mejor que el de ‘ocultar’ que le da el glos. de la ed. de Valmar. CORNU (*Die portugiesische Sprache* 319, pág. 1020 del *Grundriss...* I² de G. GROEBER) la deriva del o b d e r e latino. La evolución semántica es fácil de comprender partiendo del sentido de ‘cerrar’ > ‘guardar’ > ‘atar’. Es muy posible que se relacionen con este verbo el gall. ‘ódega’ / ‘ódia’, atadura de mimbres o paja con que se atan los monllos o manojos < * o b d i c a.

Pois ben, mediante o CGPA só conseguín recuperar, á parte da ocorrencia das *Cantigas de Santa María* que citou Pensado e do propio

caso que aparece nos *Miragres*, inserido no relato da vida e a morte de Pilatos, estoutros rexistros de *odede* e *odeito*, tamén nas cantigas marianas:

- (1) “Varões, levade-a ja / fora da vila cab’o camio / u hũa casa mui vella está: / y a metede / dentr’e odede, / des i pôede-ll’ / o fog’a perfia”.
- (2) “E [tal] consello preseron / que eno mar o deitassen, / e un canto lle poseron / odeito aa garganta / e dentro con ele deron”.

A eles hai que lles sumar aínda, no verso 38 da cantiga 77 da mesma obra, o “nervio odeito” que o códice T ofrece como variante do “nervio enco[l]leito” que se le no códice E (cf. Afonso X o Sabio 1981: I, 328).

Magra colleita, sen dúbida, que creo que se entende mellor se supoñemos que entre a obra impulsada por Afonso X e os *Miragres de Santiago* non mediaron máis de 100 anos, senón só arredor de 40. En efecto, o excepcional rexistro de *oder* no texto compostelán puido obedecer a que por volta de 1320 aínda algúns galegos non esqueceran por completo este raro verbo que nas cantigas dedicadas á Virxe se escribira non moito antes ata catro veces. Polo contrario, o silencio das outras fontes reunidas no CGPA invita a supoñer que por 1400 ese esquecemento, ese abandono, debía de estar xeneralizado.

7. “Et ençima desta táboa están escriptos estes vesos. Estos son os vesos” (fol. 41v)

O CGPA deixa ver que o resultado patrimonial do substantivo latino *VĒRSUM*, con asimilación (*vesso*, *veso*), ocorre catro veces nas *Cantigas de Santa María*, outras catro nunha cantiga de Airas Perez Vuitoron, trobador do século XIII, e unha na *Crónica geral galega* (ca. 1300-1340), mais a partir de aquí en obras galegas só reaparece na Guía dos peregrinos dos *Miragres*, onde se encontran os dous casos consecutivos citados no título deste apartado, ao paso que *verso* nunca se le en ningunha parte da obra. É certo que *vesso* tamén se usou no *Horto do esposo* portugués (ca. 1390-1420) e aínda noutros textos do XIV do país veciño¹⁷ (cf. DDGM), mais o feito de que na *Geral estoria* (ca. 1340-1360) e na *Historia troiana* (ca. 1369-1373) galegas se lea unicamente *verso*

¹⁷ Corominas e Pascual tamén citan *viesso* en textos casteláns e leoneses dos séculos XIII e XIV (cf. DCECH: s.v. *verter*).

inclíname a pensar que no lugar en que os *Miragres* se escribiron, probablemente Compostela, *vesso* debía de ser unha alternativa esquecida ou moi anticuada non por volta de 1320, mais si entre o final do Trescentos e os comezos do Catrocentos.

8. Conclusión

Nas páxinas anteriores presenteí nove variábeis lingüísticas para as que nos *Miragres de Santiago* se observan usos que do meu punto de vista cadran mellor co escenario de cambio que se pode conxecturar para a década de 1320 que co que cabe supoñer para entre 1390 e 1420. Por si mesmo, sen ningún auxilio exterior, o valor probatorio de cada un dos nove fenómenos lingüísticos aquí explorados é limitado, mais, sumados todos eles aos argumentos que nos van chegando desde outros campos de investigación, que foron citados no primeiro apartado deste artigo, convértese, con certeza, en poderosos esteos que apuntalan a hipótese de que esta obra se proxectou e elaborou durante o tempo en que

Berenguel de Landoira foi arcebispo de Santiago de Compostela, entre 1317 e 1330.

Na exploración que fixen non atopei datos que me permitan atribuír ao conxunto das unidades agrupábeis baixo o rótulo de *Liber Sancti Iacobi Minoris* unha datación diferente da do conxunto da obra. Creo, por tanto, que don Berenguel debeu de impulsar a inclusión dos relatos relacionados con Santiago Alfeo no marco do libro que coñecemos como *Miragres de Santiago*, e non a escritura dun *Liber Sancti Iacobi Minoris* autónomo. Iso si, en dúas das variábeis analizadas (a do uso ou omisión da preposición *a* co complemento directo e a do lexema do tema de perfecto do verbo *creer*) dei con resultados que mostran importantes concentracións das variantes innovadoras nos relatos da Epifanía e a Ascensión. Trátase, sen dúbida, de resultados dignos de consideración, mais resultan insuficientes para soste-la esta novena unidade temática dos *Miragres* unha datación máis serodia ca para o resto da obra se non se acompañan doutros argumentos, lingüísticos ou de calquera outro tipo.

10. Referencias bibliográficas

- Afonso X o Sabio (1981): *Cantigas de Santa María*. Edición crítica de Walter Mettmann, 2 vols. Vigo: Xerais.
- Alfonso X el Sabio (1986/1988/1989): *Cantigas de Santa María*. Edición de Walter Mettmann, 3 vols. Madrid: Clásicos Castalia.
- Castiñeiras González, Manuel Antonio (2017): “La Santa Parentela, los dos Santiagos y las tres Marías: una encrucijada en la iconografía medieval”, en A. Rucquoi (coord.), *María y Iacobus en los Caminos Jacobeos. IX Congreso Internacional de Estudios Jacobeos (Santiago, 21-24 de octubre 2015)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 97-141. Dispoñíbel en: <https://cutt.ly/usDWZT1> [consulta: 10/01/2023].
- Castro, Ivo (1993): “Demanda do Santo Graal”, en G. Lanciani / G. Tavani (orgs. e coords.), *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 203-206.
- CDH: Real Academia Española (2013): *Corpus del Diccionario histórico de la lengua española (CDH)*, <https://apps.rae.es/CNDHE> [consulta: 15/03/2023].
- CGPA: Xavier Varela Barreiro (2004-): *Corpus informatizado Galego-Portugués Antigo (CGPA)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.gal/cgpa/index.php> [consulta: 15/03/2023].
- CODOLGA: *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (CODOLGA)*, versión 19 (2022). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <https://corpus.cirp.gal/codolga/> [consulta: 18/03/2023].
- DCECH: Joan Corominas e José Antonio Pascual (1987/1989/1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*. 6 vols. Madrid: Gredos [vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991].
- DDGM: Ernesto González Seoane (coord.) (2006-2022): *Diccionario de diccionarios do galego medieval. Corpus lexicográfico medieval da lingua galega*. Seminario de Lingüística Informática - Grupo TALG / Instituto da Lingua Galega, <https://ilg.usc.gal/ddgm/index.php> [consulta: 21/03/2023].
- Ferreiro, Manuel (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- García Arias, Xosé Lluís (2018-2021): *Diccionariu Etimolóxicu de la Llingua Asturiana (DELLA)*, 7 tomos [tomu I (A-B), 2018; tomu II (C-D), 2018; tomu III (E-F), 2019; tomu IV (G-Ñ), 2021; tomu V (O-R), 2021; tomu VI (S-Z), 2021; tomu VII (Apéndiz: Bibliografía, abreviatures, índices), 2021]. [Uviéu: Universidá d’Uviéu / Academia de la Llingua Asturiana.
- Garzón Fernández, Marina Aurora (2019): *Melodías de Noia: estudo cultural dunha vila portuaria dos arcebispos composteláns na Baixa Idade Media*. Memoria inédita para a Bolsa de Investigación da Deputación da Coruña 2017. A Coruña: Deputación da Coruña.

- Gómez Clemente, Xosé María (2001): *O manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de Madrid. “Miragres de Santiago”*. Tese de doutoramento (inédita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Justo Martín, María Xosé e Manuel Lucas Álvarez (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237 / 1537). Edición diplomática*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- López-Aydllo, Eugenio (1918): *Os Miragres de Santiago. Versión gallega del códice latino del siglo XII, atribuido al Papa Calixto II*. Valladolid: Imprenta Castellana de Valladolid.
- López Martínez, M^a Sol (1993): *O complemento directo con preposición a en galego (Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 36)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- López Martínez-Morás, Santiago (2007): “Aparición e florecemento da prosa medieval galega”, en A. I. Boullón Agrelo (ed.), *Na nosa lingoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 447-472.
- Lorenzo, Ramón (2004): *Miragres de Santiago. Milagres de Santiago. Milagros de Santiago*, 2 vols. Valencia: Scriptorium Ediciones Limitadas.
- (2016): *Colección documental de Montederramo*, 3 vols. Coa colaboración de Maka Pérez. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Lloyd, Paul M. (1993): *Del latín al español. I. Fonología y morfología históricas de la lengua española*. Madrid: Gredos [Tradución de *From Latin to Spanish: Historical Phonology and Morphology of the Spanish Language*. Philadelphia: American Philosophical Society, 1987].
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Mariño Paz, Ramón (2005a): “Cronoloxía da extinción dos lexemas *criv-* / *crev-* e *siv-* / *sev-* dos temas de perfecto dos verbos *cre(e)r* e *se(e)r* no galego medieval”, en A. I. Boullón Agrelo, X. L. Couceiro Pérez e F. Fernández Rei (eds.), *AS TEBRAS ALUMEADAS. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 191-204.
- (2005b): “Cronoloxía da desaparición dos participios verbais terminados en *-udo* en fontes galegas medievais”, en G. Maria Rio-Torto, O. Maria Figueiredo e F. Silva (coords.), *Estudos em Homenagem ao Professor Doutor Mário Vilela*. Porto: Faculdade de Letras da Universidade do Porto, vol. 2, pp. 795-809.
- (2006): “Heterosilabificación e coalescencia de hiatos en posición interior de palabra no galego medieval (séculos XIII-XVI)”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 33, pp. 69-101, <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/3455> [consulta: 15/03/2023].
- Martins, Ana Maria (2013): “Copiar o portugués duocentista: a *Demanda* e o *José de Arimateia*”, en R. Álvarez et alii (eds.), *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 383-402.
- Mattos e Silva, Rosa Virgínia (1989): *Estruturas trecentistas. Elementos para uma gramática do Português Arcaico*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Monteagudo, Henrique (2008): *Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2013): “*En cadea sen prijon*”. *Cancioneiro de Afonso Paez. Poesía galega posttrobadoresca (1380-1430 ca.)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Moralejo, Serafín (1993): “Busto-relicario de Santiago el Menor”, en *Santiago, Camino de Europa. Culto y cultura en la peregrinación a Compostela*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 345-346.
- MS: Ramón Lorenzo (2004): *Miragres de Santiago. Milagres de Santiago. Milagros de Santiago*, vol. 2. Valencia: Scriptorium Ediciones Limitadas
- Nunes, José Joaquim (1989^o): *Compêndio de gramática histórica portuguesa (Fonética e Morfologia)*. Lisboa: Clássica Editora.
- Penny, Ralph (2006): *Gramática histórica del español* [2^a ed. actualizada]. Barcelona: Ariel.
- Pensado, José Luis (1958): *Miragres de Santiago*. Edición y estudio crítico por José L. Pensado (*Revista de Filología Española, Anexo* 68). Madrid: Instituto Miguel de Cervantes.
- Pichel, Ricardo; Marina Aurora Garzón Fernández, Tania Vázquez García e Miguel García-Fernández; Esther Corral Díaz e Ricardo Pichel (coords.) (2020): *Guía para o estudo da prosa galega medieval*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, <https://biblioteca.xunta.gal/es/guia-para-o-estudo-da-prosa-galega-medieval-3> [consulta: 15/03/2023].

- Pichel, Ricardo e Xavier Varela Barreiro (2017): “O fragmento galego-portugués do *Livro de Tristam*. Nova proposta cronolóxica e diatópica”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20, pp. 159-214. DOI: <https://doi.org/10.5209/MADR.57636>.
- Ramos, Maria Ana e António Resende de Oliveira (1993): “Cancioneiro da Ajuda”, en Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani (orgs. e coords.), *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 115-118.
- Souto Cabo, José António (ed.) (2001): *Crónica de Santa María de Íria*. Estudo e edizón. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Edicións do Castro
- (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII* (*Revista Galega de Filoloxía, Monografía* 5). A Coruña: Universidade da Coruña.
- (2012): *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*. Niterói: Universidade Federal Fluminense.
- Tato Plaza, Fernando Rafael (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega / Ilustre Colexio Notarial da Coruña.
- UC: Manuel Ferreiro (dir.) (2016): *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. A Coruña: Universidade da Coruña, <http://universocantigas.gal>. ISSN 2605-1273 [consulta: 20/03/2023].
- Williams, Edwin B. (1975³): *Do latim ao português. Fonologia e morfologia históricas da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro. [tradución de *From Latin to Portuguese. Historical Phonology and Morphology of the Portuguese Language*. Pennsylvania / Oxford: University of Pennsylvania Press / Oxford University Press, 1938].